

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos, ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.
- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.
- Coñecer e reproducir textos literarios.
- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual).
- Ler textos diversos dos traballados con decodificación e entoación axeitada.
- Amosar iniciativa e interese pola lectura.
- Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, substantivo común e propio, masculino e feminino, singular e plural, en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, extraendo o sentido global da mensaxe.
- Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe
- Extrae o sentido global e as informacións máis relevantes dun texto.
- Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) .
- Descodifica as palabras sen dificultade.
- Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
- Identifica a lingua galega oral con diversos contextos.
- Le textos sinxelos sen moita dificultade.
- Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen moita dificultade.
- Elabora o texto, con coherencia xeral .
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, exclamación e interrogación).
- Sinala a denominación dos textos simples traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
- Identifica as formas verbais.

- Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
- Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.
- Valora a necesidade de planificar o texto e revisalo ao final.
- Esfórzase por aplicar, de maneira xeral, a norma lingüística.
- Elabora, en diferentes soportes, diferentes tipos de textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos ou seguindo un guión.
- Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións.
- Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
- Resume brevemente o contido dos seus textos sinxelos, a partir de preguntas.
- Comprende a información relevante de textos sinxelos propios de situacións cotiás.

## AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación constitúe un proceso flexible, por iso, os procedementos para desenvolvela haberán de ser variados. Para recoller datos podemos servirmos de diferentes técnicas de avaliación:

- A observación sistemática.
- A análise das producións do alumnado.

Entre os instrumentos de rexistro do profesor que empregaremos destacamos:

- Instrumentos de observación: os diarios de clase, as escalas de valoración (para contidos e indicadores de desempeño de tipo actitudinal e procedemental) e listas de control (para contidos e indicadores de desempeño vinculados ao dominio conceptual).
- Instrumentos de análise: análises de contido, tarefas e proxectos, tests/probas elaboradas polos docente.
- 

O profesorado tomará como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para valorar e cualificar as aprendizaxes e os coñecementos básicos que debe alcanzar o alumnado do currículo.

Os criterios de cualificación específicos para a área de Lingua Galega vai ser os mesmos que os establecidos para o primeiro e o segundo trimestre, mantendo

a cualificación do segundo trimestre e aumentando un 20% da nota a aquel alumnado que teña unha maior implicación e participación.

Os mínimos esixibles para a área de Lingua Galega neste 3º trimestre son:

Ter acadada unha velocidade lectora adecuada á súa idade.

-Comprender textos orais e escritos adecuados aos seus intereses.

-Producir textos curtos que estén ben estruturados cunha caligrafía lexible e limpa.

-Coñecer as normas ortográficas adecuadas : uso de maiúsculas, mb, mp, br, bl, gue, gui, güe, güi, ca, co, cu, que-ce, qui-ci.

-Expresarse oralmente usando o léxico adecuado á súa idade e sen erros gramaticais. Os resultados da avaliación do alumnado na educación primaria expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB).

### **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN).**

Despois de traballar cada unidade didáctica e de realizar as probas obxectivas orais ou escritas, así como ter rexistrados os resultados de cada alumno nos diferentes estándares de aprendizaxe ou criterios de avaliación, especialmente nos mínimos esixibles, establécese un protocolo de actuación para intentar recuperar aos alumnos que non acaden os mínimos.

- En primeiro lugar con fichas, ou exercicios de reforzo individualizados, reforzando tamén a atención a estes alumnos.
- Se fose preciso, contactaríase coa familia para que tamén no eido familiar houberse algún tipo de reforzo encamiñado a acadar os mínimos esixibles.
- Ao final do curso aqueles alumnos que non superasen os mínimos, total ou parcialmente levarán unha proposta de traballo para o verán.

As actividades, en forma de fichas, conteñen contidos e exercicios seleccionados polo profesor. Estas fichas son enviadas semanalmente por email, sendo tres as fichas que reciben e nas que se intercalan actividades de vocabulario, gramática e repaso.

